

Ibrahima Balde
Amets Arzallus Antia

Miñán



rinoceronte

*Miñán,
contareiche a miña vida*

*Este libro escribiuno Ibrahima Balde coa voz
e Amets Arzallus Antia coa man*

*Moitas grazas aos da casa e aos amigos,
a todos os que nos axudaron no camiño.*

Non tiven tempo de aprender a escribir. Se me dis Aminata, sei que comeza por A, e se me dis Mamadou, por M. Pero non me pidas que xunte unha frase enteira, porque me enredo nada máis empezar. En cambio, trae unha ferramenta, por exemplo, unha chave para arranxar camións, e déixaa enriba desta mesa. Axiña che direi: “Esta é unha trece”, ou: “Esa é unha catorce”. E se enches toda a mesa de chaves e me tapas os ollos, en canto as sinta na man direiche: “Esta é unha oito”.

PRIMEIRA PARTE

Eu nacín en Guinea, pero non en Guinea-Bissau, nin en Guinea Ecuatorial. Existe outra Guinea, que ten como capital Conakry. Limita con seis países. Direiche tres: o Senegal, Serra Leoa e Malí. Alí me tocou nacer.

Eu son da etnia fula, e a nosa lingua é o pular, pero tamén sei falar malinké. E amáñome co susu. En Guinea fálanse vinte e cinco idiomas. Tamén francés. Vinte e seis. Ese tamén o falo, porque o estudei na escola. Pero eu son fula, coñezo todas as palabras en pular. En susu máis de mil palabras. E en malinké un pouco menos ca en susu. En francés non sei cantas palabras sei.

En susu, pan dise *tami* e pai, *baba*. En malinké, nai dise *na* e dor, *dimin*. A miña nai estivo a piques de morrer cando me tivo, porque eu era demasiado gordo, e perdeu moito sangue. En pular sangue dise *yiiyan* e mundo, *aduna*.

Nacín en Conakry, porque o meu pai vivía alí, pero en canto nacín volvemos á aldea, Thiankoi. Thiankoi está lonxe do mar e preto de Kankalabé. A rexión chámase Mamu e a prefectura, Dalaba. Vivín alí ata os cinco anos, coa miña nai. O meu pai volvía na época de chuvias, en marzo, para axudar á miña nai a labrar a terra. Despois de min naceron un irmán e dúas irmás.

Na nosa casa tiñamos doce ou trece vacas, e eu axudáballe á miña nai a coidalas. Outras veces a miña nai mandábame ir por auga, e ía ata o pozo, *puiser de l'eau*. Tamén facía outro tipo de tarefas: lavar a roupa e estar cabo dela.

Máis ou menos eses son os recordos que teño coa miña nai. Cando tiña cinco anos, o meu pai veume buscar.

O meu pai vendía zapatos. Vendíaos na rúa, pero eran zapatillas de casa, *des repose-pieds*. A casa non é lugar para andar a correr. Tiña o posto de venda a cincocentos metros da casa, unha mesiña ao lado da estrada. Alí pasaba o meu pai todo o día. De cando en vez achegábaselle alguén e comezaban a falar, primeiro sobre as zapatillas de casa e despois sobre o diñeiro. Entón o meu pai poñíase moi contento. Pero a felicidade non é algo que dure moito. E despois de falar do diñeiro, sacaba dous anacos de bambú de debaixo da mesa e facíalles un buratiño a cada un. Un anaco gardábao o meu pai e o outro levábao o comprador. A débeda dependía do grosor do burato. O meu pai tiña moitos bambús coma ese debaixo da mesa. Decía que algún día deixaría as zapatillas e empezaría a tocar a frauta, pero seguía a vender zapatillas.

De cando en vez marchaba a rezar e quedaba eu só na mesiña. A xente achegábase e miraba os zapatos. Pero eu dicíalles: “Non chas podo vender, non está o vello, teño que esperar por el”. Eu non coñecía ben as cores do diñeiro, e non sabía canto valía cada papel. Era moi cativo. Así que esperabamos polo vello. O vello é o meu pai, chámase Mamadou Bobo Balde.

Dende os cinco anos ata os trece vivín co meu pai, en Conakry. Dende cinco ata trece hai oito números, pero dende Conakry ata a nosa aldea hai un pouquiño máis, máis ou menos catrocentos trinta. Demasiado para mar-

char só. Coas zapatillas de casa non se pode andar tanto. Iso me dicía o meu pai, que non ía chegar. Así que quedaba ao seu lado na mesiña da esquina, sen ver a miña nai.

Tiña un amigo, maior ca min, que me quería moito. Dicíame que lle pedise todo o que precisase. Ás veces pedíalle zapatos, e dábamos. Outras veces pedíalle algo de comer, e traíamo. Coidábame como a un irmán pequeno. Ese amigo chamábase Muhtar. Unha vez pedinlle que lle escribise unha carta á miña nai, e escribiuna. Fomos xuntos ata a estación de Conakry e alí démoslla a outra persoa para que a levase ata a aldea. Non sei se foi en bici ou en autobús, pero sei que chegou. A distancia non é un problema para unha carta.

Lémbrome moito da miña nai. A miña nai chámase Fátima Diallo, e hai meses que non falo con ela. Nin sequera sabe que cheguei a Europa.